

Recomendación dirixida ao Concello de Moaña debido á falta de resposta a una denuncia urbanística en Moaña

Expediente: B.9.Q/6159/19

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2020

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a [REDACTED] referente á falta de resposta a una denuncia urbanística en Moaña.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o día 20 de outubro presentou instancia no concello sobre unhas posibles obras ilegais nunha vivenda situada na Rúa [REDACTED] e ata a data de hoxe non ten resposta dese organismo.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información ao Concello de Moaña que xa nola remitiu. No informe achegado pola Administración sinálase o seguinte:

“O pasado 16 de xaneiro do 2020, tivo entrada neste Concello unha petición de información remitida por vostedes onde se nos solicita información sobre unha queixa interposta por dona [REDACTED] o pasado 28 de outubro do 2019 no Concello de Moaña.

Dita queixa / denuncia indicábanos que estaban a realizar obras ilegais en vivenda sita na [REDACTED], dita denuncia resulta moi imprecisa posta que ela reclama reposición ao estado anterior e licenza de primeira ocupación.

Por mor, do falecemento da persoa que realizaba as inspeccións urbanísticas, estas funcións foron asumidas polo arquitecto municipal, o cal, segundo a carga de traballo que posúa vai atendendo este tipo de solicitudes de terceiros, dicir que vai moi atrasado neste tipo de tarefas, iso no que respecta a verificar a veracidade do indicado no escrito.

No relativo a petición de acceso ao expediente de licenza do promotor para poder obter copia da licenza de primeira ocupación debería de acreditar condición de interesado no caso en cuestión o cal non queda aclarado.

Indicar que no momento en que se realice a inspección e se verifique a realidade do exposto na súa queixa, remitirémolle copia en calidade de interesada.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Co informe achegado polo Concello, só cabe remitirnos aos distintos réximes xurídicos de transparencia que ao mesmo alcanzan.

Así: a Lei 19/2013, de 9 de nadal, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, presenta un triplo alcance:

- Incrementa transparencia na actividade pública a través das obrigas de publicidade activa para tódalas administracións e entidades públicas.
- Recoñece ou acceso a información como un dereito de amplo ámbito subxectivo e obxectivo.
- Establece as obrigas de bo goberno que deben cumprir os responsable públicos así como as consecuencias xurídicas derivadas do seu incumprimento, converténdose unha exixencia de responsabilidade.
- Fronte a calquera denegación de acceso á información pública a calquera persoa polo feito de non ter a condición de interesado no expediente, debe terse en conta que o concepto de interesado en materia de transparencia, ten unhas peculiaridades respecto do concepto de interesado nun procedemento administrativo. De acordo co disposto no artigo 12 da Lei 19/2013, o dereito de acceso á información pública recoñécese a todas as persoas, polo que é suficiente con acreditar a identidade do solicitante (artigo 17.2) sen que se poida esixir a motivación da solicitude (artigo 17.3) e se ou interesado motiva a súa solicitude, a motivación poderá ser tida en conta cando dese a resolución; non obstante, a ausencia de motivación non será por se soa causa de rexeitamento da solicitude.

Ademais, a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, amplía aínda máis os dereitos do interesado, pois no artigo 24 equipara o interesado coa cidadanía en xeral. O artigo 24 reforza o dereito desta cidadanía e establece que no exercicio do seu dereito ao acceso á información pública, garantiráselle ao interesado a posibilidade de utilización da información obtida sen necesidade de autorización previa e sen máis limitacións que as derivadas desta ou doutras Leis. Por tanto, é irrelevante que o solicitante de información pública teña ou non relación coa administración, coa materia da que solicita información, ou o seu lugar de residencia. O

dereito de acceso á información pública non vén determinado polo feito do interese, senón polo feito de que se fai unha solicitude sobre unha materia que non está excluída ou limitada no seu acceso pola normativa vixente, porque a transparencia implanta no ordenamento xurídico o dereito da cidadanía a solicitar dos gobernantes, no sentido máis amplo, calquera información pública que xulgue oportuna.

CONCLUSIÓN

De acordo co anterior o acceso ao expediente non pode estar limitado, salvo pola previa comprobación da eventual existencia de límites ou causas de inadmisión previstos expresamente nas leis de transparencia.

Por todo o sinalado ata o de agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese concello as seguintes recomendacións:

-Cumprir o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; tramitar con urxencia o correspondente procedemento de transparencia; e resolver sobre o acceso despois de examinar a eventual concorrencia de límites legais da transparencia, especialmente o referido á protección de datos.

-Posteriormente, dar copia dos documentos solicitados, no seu caso, coas mesmas limitacións indicadas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e lémbrolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2) dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade.

Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se formulou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que o artigo 33 da lei reguladora desta institución prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, non se conseguiu.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo